

# violeta EMARIÑO



Un proxecto de:





ACTIVIDAD FINANCIADA CON CARGO A LOS CRÉDITOS RECIBIDOS DEL  
MINISTERIO DE IGUALDAD, SECRETARIA DE ESTADO DE IGUALDAD Y  
CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO.



Que todas as persoas poidamos ser libres.  
Libres como voan as bolboretas.  
Libres coma o mar.

Gracias a Hugo, Julio y Sílvia, por todo y siempre.  
A Enma, por tu sonrisa inspiradora.  
A Dani, por ser el nexo, Zeltia la luz y Esteban el faro.



© del texto: Yolanda Martínez y el equipo técnico del Centro de Información a las Mujeres (CIM) del Concello de Sanxenxo

© de la traducción del texto: Irene Chouza

© de la idea original de la historia, ilustraciones, diseño y maquetación: Yolanda Martínez Santiago  
[www.hilosyballeñas.com](http://www.hilosyballeñas.com)

Impreso en España. Primera edición: 25 de noviembre de 2022

ISBN:978-84-09-44102-0

DEPÓSITO LEGAL: PO 595-2022

Todos los derechos están reservados.

Queda prohibida la reproducción total o parcial de este libro por cualquier medio o procedimiento, comprendidos la reprografía y el tratamiento informático, la fotocopia o la grabación sin el permiso expreso de los titulares del copyright.





violeta  
e mariño

Este rapaz é Mariño. A Mariño gústanlle moitas cousas pero o que máis lle chama a atención son os arcos da vella. Tolea por eles porque teñen unha morea de cores: vermella, laranxa, amarela, verde, azul, morada e rosa. Ten unha camiseta de cada unha delas pero, sen dúbida, a súa favorita é a que leva tódalas cores xuntas.



*As cores non teñen xénero.*

Mariño ten unha irmá maior, Violeta. Tódalas mañás camiñan cara a escola. Fascínalles observar todo o que os arrodea e sempre teñen algo de que falar.

Un día, Mariño comentoulle á súa irmá que de cando en vez escoitaba sons moi estraños que viñan do cuarto da súa nai e do seu pai: "Eu tamén os escoito, sospeito que Mamá e Papá rifan moito..." - díxolle a súa irmá- "Cando chegemos a casa, preguntámosalles."



A medio camiño, Mariño veu unha bolboreta pousada enriba dunha pedra, soltoulle a man a súa irmá e achegouse a ela silenciosamente. No preciso momento no que iba a collela, Violeta agarrouno polo brazo e díolle:

# NON!



Mariño non lle fixo caso ningún e conseguiu zafarse da súa irmá. Perseguiu a bolboreta coa confianza de que se volvería a posar. Cando a viu deterse, tentou atrapala de novo pero saíu voando unha vez máis.



- Tan só quería metela nun bote para tela comigo sempre - dixo Mariño desilusionado.

- Mariño, non podes apresar as bolboretas nun bote. Sería coma castigalas, a elas encántalles voar e se as tocas cos dedos quítasllles os pos máxicos que teñen nas ás e non poderán voar nunca máis.



Mariño escoitou con moita atención o que a súa irmá lle contaba e díxolle:

- Síntoo, Violeta, non o sabía, non o volverei facer na vida. Hai uns días escoitei a Papá dicíndolle a Mamá que non lle gustaba que saíra coas amigas por aí e que era mellor que quedara na casa. Pode que Papá sintía o mesmo ca min coa bolboreta e probablemente non saiba que iso non se pode facer. Terei que falalo con el!



*As persoas debemos vivir libres.*

Ficaron ollando a bolboreta, que despois de voar, descansou nunha flor que estaba no medio do campo. A flor estaba algo murcha:

- Esta flor éche ben fea! Non ten xeito ningún! - dixo Mariño.

- Por que lle dis así? Pobriña, vaise poñer moi triste.

- Ti cres?

- Si, estou segura. Mira ti que Papá o outro día lle dixo o mesmo a Mamá e botouse a chorar... Eu creo que esta é unha flor moi particular. Fíxate que todas as flores do campo son únicas e diferentes. Cada unha delas ten algo especial e de entre todas as que hai, foi nesta na que se pousou a bolboreta- dixo Violeta.

- Vaites, é verdade!- dixo Mariño observando con atención - Todas elas son flores pero cada unha é distinta e orixinal e todas son marabillasas porque son únicas no mundo!- respondeu emocionado.



*Traballamos a violencia verbal e psicolóxica.*

A bolboreta volveu levantar o voo e Mariño intentou seguila para ver onde se pousaría desta vez. Correu para non perdela de vista pero apresuouse tanto que non viu unha pedra atravesada no camiño, tropezou con ela e caeu ao chan.



Mancou tanto o xeonllo que lle caían as bágoas coa dor. Nese mesmo intre, un grupo de xente pasou ao seu carón e Mariño rapidamente secou as bágoas ás mangas do suadoiro. A súa irmá, que revisaba que non se tivera mancado máis, preguntoulle:

- Por que limpaches as bágoas tan á presa?
- Porque son un neno ben valente e forte e non debo chorar. Non quero que ninguén me vexa así - contestou.



- Os nenos tamén chorán. Todas as persoas choramos. Ata as persoas maiores! E iso non quere dicir que non sexamos fortes. Chorar é algo moi normal que fai todo o mundo. Cando nos sentimos tristes, cando nos mancamos... E sabes que? Ás veces, ata choramos coa risa! Nunca che ten pasado?

- Non! Ha, ha, ha - dixo rindo mentres lle caía aínda algunha que outra bágoa.


- Ves? Estás a rir e ao mesmo tempo chorás! - díxolle Violeta rindo para animalo - A que xa te sentes mellor? Veña!

Entremos na escola que chegamos tarde.



*As persoas choramos e nada ten de malo.*

Chegou a hora de saír ao recreo e Mariño tiña a esperanza de ver de novo a bolboreta. Decidiron xogar a tirar da corda. Tiñan que facer dous grupos para, desa maneira, haber un en cada extremo da corda, mais non tiñan moita idea de como dividirse. Amaro propuxo separarse por sexos, nenos por un lado, e nenas polo outro, porque pensaba que así serían eles os vencedores. Entón, Mariño, dándolle voltas a todo o que a súa irmá lle explicara, dixo: "Coido que será mellor mesturarnos, porque como aquela flor na que se pousou a bolboreta, todas as persoas somos únicas e diferentes, sen importar que sexamos nenos ou nenas"



Dividiu ao grupo en dous equipos, agarraron a corda con forza e comenzaron a tirar. Unhas veces ía cara un lado, outras cara o outro, pero ningún deles conseguía atravesar a raia do medio. Estiveron un bo anaco batallando ata que finalmente os dous equipos, baldados, soltaron a corda a vez. Ambos tiñan a mesma forza.

*Traballamos a igualdade entre sexos.*

Cando chegaron a casa, Mariño preguntoulle a súa nai que ocorrera a noite pasada e ela, mirando a seu pai, abaixou a cabeza e respondeulle: "Non pasa nada, tranquilo, todo está ben".

Pero Mariño sabía que non todo estaba ben. A súa nai era como aquela bolboreta apresada no interior dun bote de cristal. A cada día que pasaba perdía un pouco de cor, un pouco de brillo, un pouco de alegría.... A cada día que pasaba víase un pouco máis gris.



*Nalgúnhas ocasións as mulleres prefieren non contar o que lles pasa.*

Marino y Violeta se pusieron a jugar en la habitación de los juguetes. Les encantaba compartirlos e inventarse mil historias. Pero esa tarde, Marino no se encontraba bien, no le apetecía mucho jugar, no se había quedado tranquilo con la respuesta de su madre y le dijo a su hermana: "Violeta, no estoy seguro de lo que me ha contestado Mamá... Creo que pasa algo."



*Los juguetes, al igual que los colores, no tienen género.*

"Yo también creo que pasa algo. ¿Qué te parece si llamamos a los tíos Rilo y Ron para contárselo?". - propuso Violeta - Seguro que ellos saben qué hacer".



*Si no estamos del todo conformes en algunas situaciones que veamos o vivamos podemos pedir ayuda a otras personas adultas.*

Dende o día en que Violeta e Mariño falaron cos seus tíos todo comezou a cambiar. A nai e o pai decidiron que vivirían separados e grazas a iso, remataron as discusións.




*Ás veces, as nais e os pais non están ben xuntos, polo que o mellor para toda a familia é que se separen.*

A súa nai empezou a acudir a un lugar chamado CIM (Centro de Información ás Mulleres) onde a axudaron a se sentir mellor.



Pouquiño a pouco,  
Violeta e Mariño vían a súa  
nai recobrando as cores da bolboreta,  
o seu brillo e a súa alegria. Vían que cada  
vez ría más e iso poñíaois moi felices.

Unha noite, antes de prender no sono, a súa nai leulle un conto. Cando rematou, precisamente antes de pechar os ollos, Mariño díxolle: "Miña naiciña, agora voas libre como facía aquela bolboreta."



Logo caeu durmido e soñou coa bolboreta que quixo recluir. Entendeu que as persoas, do mesmo xeito que as bolboretas, non se deben sentir engaioladas pois isto fainas vivir cada día nunha gran tristura e pouco a pouco murchan. Para sermos felices, debemos vivir en liberdade... Libres como voan as bolboretas. Libres coma o mar.

*A violencia de xénero ten saída. Hai lugares específicos nos que te guían e asesoran en todo momento coa fin de che axudar a buscar unha solución. Aínda que poidamos pensar que unha separación de parella é o peor dos finais, nos casos de violencia de xénero sempre é a mellor alternativa.*



Se queremos cambiar o mundo,  
todo o que necesitamos é:

RESPECTO  
EMPATÍA E  
LIBERDADE







Eduquemos en igualdade dende o dereito a ser  
 persoas únicas e irrepetibles